



21 e 22 MAIO 2022

3º MERCADO DO LIBRO E DA ARTESANÍA

Entidade promotora: Departamento de Comercio do Concello de Santiago de Compostela.

Participantes: Librarías e editoriais.

Datas e lugar de celebración: 21 e 22 de maio de 2022. Praza Aurelio Aguirre.

Horario: Sábado 21, de 11:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 21:30 h. Domingo 22, de 11:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 20:30 h.

CONVOCATORIA MERCADO DO LIBRO BASES DE PARTICIPACIÓN

1. A iniciativa e as súas características

O **3º Mercado do Libro e da Artesanía** celebrarase os días 21 e 22 de maio de 2022. Forma parte do programa conmemorativo do **Banquete de Conxo** que promove o Concello de Santiago.

No *Mercado* convivirán expositor@s dos sectores do libro e da artesanía. A participación de expositor@s do sector do libro realizarase por convocatoria aberta e inscrición previa.

O *Mercado* contará con actividades complementarias de dinamización.

Os expositor@s do sector do libro poderán propoñer á Organización a realización de actividades como recitais, breves presentacións literarias ou artísticas e similares.

2. Expositor@s do sector do Libro. Solicitudes. Condicións de participación

2.1. Poderán expoñer librarías de Santiago de Compostela, así como editoriais e outros sectores vinculados ao mundo do libro e da ilustración. Todos deben ter capacidade para exhibir e vender.

2.2. Para tomar parte no mercado é requisito indispensable cumprimentar a Solicitud de Participación **antes das 14:00 h do día 17 de abril de 2022**. A partir desa data e hora o formulario non estará dispoñible. Ao formulario pódese acceder desde este enlace: **Solicitud de Participación**.

2.3. No caso de superárense o número de postos dispoñibles, a organización seleccionará aos participantes por estrito orde de rexistro das súas Solicitudes, dándoselle prioridade @s radicad@ en Santiago de Compostela.

2.4. @s expositor@s están obrigad@ ao cumprimento de toda a normativa legal vixente e obrigas tributarias. O persoal de montaxe e atención ao público do *Mercado* deberá estar regularizado. Será tamén responsabilidade directa d@ expositor@ o estrito cumprimento da normativa que regula a venda polo miúdo.

2.5. @s interesad@ poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no seguinte contacto: comercio@santiagodecompostela.gal; mercadobanquete@versalscq.com, Tel. 981 555 920.

2.6. @s participantes quedan informad@s e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da solicitude. @s solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á Secretaría Técnica do Mercado, Versal Comunicación, S.L., Xosé Chao Rego 8-10 baixo, 15705 Santiago de Compostela.

3. Montaxe. Vixilancia. Distribución de postos

O *Mercado* instalarase en carpas tipo *xaima*. En beneficio da variedade e cantidade da oferta, as xaimas poderán ser compartidas se así o decide a Organización.

@s expositor@s contarán con mesas para expoñer os seus produtos, así como 2 cadeiras.

A montaxe realizarase o sábado día 21 de maio en horario de 09:00 a 10:45 h. A montaxe e decoración dos postos debe estar necesariamente rematada ás 11:00 h, momento da apertura ao público.

A recollida realizarase o domingo día 22 de maio, inmediatamente despois do peche ao público (20:30 h).

O *Mercado* contará con vixilancia nas horas de peche do mediodía (14:00 a 17:00 h), e con vixilancia xurada a noite do sábado día 21 de maio. A Organización non se fai responsable da deterioración ou posibles furtos que se poidan producir durante o horario de apertura ao público. Será responsabilidade d@s expositor@s a atención permanente dos seus postos.

A distribución dos postos será realizada pola Organización na procura do beneficio do conxunto do *Mercado* e atendendo a criterios de tipo de produto e outras consideracións técnicas que se consideren oportunas.

Todos os carteis informativos que se expoñan ao público nos postos deberán estar escritos en lingua galega.